



DECRETO 109/2017

Asunto: Contratación temporal de dous/dúas oficiais de albanel e un/unha condutor/a; de conformidade coas Bases e Convocatoria do Plan Provincial de obras e servizos de competencia municipal para o exercicio 2017 (BOP nº 249 de 30 de decembro de 2016).

Por Decreto de Alcaldía nº 54/2017 de 16 de febreiro aprobáronse as bases de selección para a contratación temporal de catro peóns limpeza viaria, dous/dúas oficiais de albanel, dous/dúas peóns de desbroce e limpeza de zonas verdes, un/unha animadora sociocultural, un/unha orientador/a laboral, un/unha condutor/a, un/una administrativo e un/unha técnico en administración; de conformidade coas Bases e Convocatoria do Plan Provincial de obras e servizos de competencia municipal para o exercicio 2017 (BOP nº 249 de 30 de decembro de 2016).

Visto que con data 16 de marzo de 2017 o tribunal III cualificador designado, mediante decreto 77/2017 de 1 de marzo, para a selección para a contratación de un/unha condutor/ra e dous/dúas oficiais de albanel reunido o 10 de marzo de 2017 logo de supervisar as solicitudes, ditaminar os candidatos admitidos e excluídos e valorar os méritos achegados, publica no Taboleiro de anuncios deste Concello a proposta de contratación

Visto que os candidatos D. José Pérez Alonso, cunha puntuación final de 3 puntos, proposto como condutor; D. Francisco Javier López López cunha puntuación final de 5 puntos e a D. Luciano González Cabaleiro a cunha puntuación final de 3,66 puntos, propostos como oficiais de albaneis, non presentaron no rexistro do Concello, no prazo de tres días hábiles contados dende o seguinte á publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios deste Concello, a documentación complementaria, sinalada na base 8º das aprobadas.

En cumprimento do estipulado na base 3ª das aprobas que di: "(...) Así mesmo, pasarase a chamar ó/a seguinte da lista, no suposto de que algunha persoa seleccionada para o posto non xustifique a documentación requirida no punto 8 das presentes bases, quedando excluído/a definitivamente da bolsa." e considerando canto dispón a lexislación aplicábel e en uso das atribucións que a esta Alcaldía outorga o art. 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Chamar aos seguintes aspirantes da listas de valoracións de méritos a **D. Marcelino Besada Fernández para contratación como condutor** e para a contratación de **dous/dúas oficiais de Albanel a D. Benito Burgo Suárez e a D. Miguel González Enríquez**. Debendo presentar no rexistro do Concello, no prazo de tres días hábiles contados dende o seguinte á publicación deste anuncio no Taboleiro de anuncios deste Concello a documentación complementaria, que consta na base 8º das aprobas.

SEGUNDO. Publicar este acordo no taboleiro de anuncios do Concello.

Salceda de Caselas, 23 de marzo de 2017

O ALCALDE

Marcos David Besada Pérez



Visto o Decreto,
A SECRETARIA

Noemí Sirera Diéguez

